

## *Non me coñezo*

Non coñezo o meu espírito, e adoezo de inquedanza na alma,  
síntome fráxil, inquedo, derramando bágaos de sangue;  
descoñezo o meu sentir, e o meu sorriso esvara polo teu retrato,  
descoñezo todo o que me ataíña a min, pero ti... semellas leda.

Esta angustia desconcertante impídeme ver con claridade,  
e teño medo de descontrolar a miña res nomeada polo peso do sentido,  
teño pánico de perderme nas túas mans tenras e limpas,  
e tamén me asusta navegar como un golfiño na "nada negra".

Pero... aquí estou, pretiño de ti, mergullado na madura adolescencia,  
nun vivir teresiano e nun morrer porque non estás comigo;  
quero sentirme así no que me queda de vida, no meu soño de neno,  
lembrando aquel día que ti, miña rula, apareciches nos meus días.

Gracias pequena maga, raíña do desatino e encanto dos encantos,  
píddolle a Deus que nos ilumine dende aló, dende a súa morada,  
e que os teus ollos sexan os faros de luz dunha nova parella,  
porque aínda que non me coñezo, quero descansar en ti, raíña das raíñas.